

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 1 de marzo de 2010 pola que se modifica a Orde do 24 de xullo de 2009 pola que se fai pública a lista das/os aspirantes seleccionadas/os no proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 11 de maio), para ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades.

Estimados os recursos de alzada interpostos por Amaranta Julia Pazó Calderón e Gema Vázquez Candal, en relación co procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a Orde do 24 de xullo de 2009 (DOG do 24 de agosto), pola que se fai pública a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), para ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades tal como se indica a seguir:

Especialidade	Quenda	NIF	Apelidos e nome	Ptos. proba	Punt. conc.	Punt. total
Educación infantil	L	77406476E	Pazó Calderón, Amaranta Julia	8.1174	5.9	7.2304
Debe incluírse a continuación de Peteiro Rey, Iria, DNI:738014104						
	L	46950434F	Vázquez Candal, Sara	6.9998	8.7915	7.7165

Debe modificarse o seu posto na lista desta especialidade, debendo colocarse a continuación de Aguín Castro, María dos Anxos, DNI: 77403850H

Segundo.-O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de aprobadas/os por especialidades que figuraban na Orde do 24 de xullo de 2009 publicada no DOG do 24 de agosto.

Terceiro.-A opositora relacionada no punto primeiro desta orde é nomeada funcionaria en prácticas con efectividade administrativa do 1 de setembro de 2008 e económica do día da toma de posesión no seu destino.

Cuarto.-A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria